



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: CORRECCIÓN DE ERROS DO ANEXO I AO DECRETO 804/2023, DE 10 DE NOVEMBRO, DE APROBACIÓN DOS CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO ESPAZO PARA TERRAZAS NO CASCO HISTÓRICO DO CONCELLO DE PADRÓN, CONCRETAMENTE DAS PRAZAS DE MACÍAS O NAMORADO, MANUEL RODRÍGUEZ COBIÁN E PASEO DO ESPOLÓN.

Visto que se fai necesaria unha regulación eficaz e respetuosa cos espazos públicos do casco histórico, que permita unha adecuada combinación entre o uso xeral e especial dos mesmos, e que permita a todos os cidadáns desfrutar destes lugares pero sempre tendo en conta que as terrazas constitúen tamén un espazo de esparcemento, que xera un clima positivo xa que contribúen ao ocio, á economía e ao turismo, por Resolución desta Alcaldía nº 804/2023, de 10 de novembro, establecéronse os criterios para a delimitación do espazo máximo a ocupar con terrazas no casco histórico de Padrón, concretamente nas prazas de Macías o Namorado, Manuel Rodríguez Cobián e Paseo do Espolón (dacordo cos planos asinados o 9 de novembro de 2023 polo arquitecto municipal da oficina de rehabilitación).

Dita Resolución fíxose pública no taboleiro de electrónico, no da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

Non en tanto, por un erro no Anexo I ao Decreto, o plano correspondente ao Paseo do Espolón aparecía duplicado e o plano correspondente á praza de Macías non foi incluído, polo tanto, por Resolución da Alcaldía nº 238/2024, de 20 de marzo, procedeuse á súa corrección, a cal se fai pública:

Primeiro. Corrixir o erro cometido no Anexo I ao Decreto do Alcalde número 804/2023, de 10 de novembro, no sentido de eliminar o plano duplicado correspondente ao Paseo do Espolón, e incluír o plano correspondente á praza de Macías, dacordo co Anexo I a esta Resolución.

Segundo. Facer pública a presente resolución no Taboleiro electrónico e no da Casa do Concello.

Terceiro. Dar traslado da presente resolución ao departamento da Policía Local para os efectos da emisión dos correspondentes informes para a concesión de licenzas.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- a) Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- c) O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca.

**ANEXO I: CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO ESPAZO
PARA TERRAZAS NO CASCO HISTÓRICO DO CONCELLO DE
PADRÓN: PRAZAS DE MACÍAS O NAMORADO, MANUEL
RODRÍGUEZ COBIÁN E PASEO DO ESPOLÓN.**



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal



www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91



PROPOSTA PARA A DELIMITACIÓN DE ESPAZO PARA TERRAZAS DE LOCALES
NA PRAZA MACIAS NO CASCO HISTÓRICO DE PADRÓN NOVEMBRO 2023 ESCALA: 1 / 150



PROPOSTA PARA A DELIMITACIÓN DE ESPAZO PARA TERRAZAS DE LOCALES ESCALA: 1 / 150
NA PRAZA MANUEL RODRIGUEZ COBIAN NO CASCO HISTÓRICO DE PADRÓN NOVEMBRO 2023

